

XA ESTÁN AO TEU DISPOR



ANOS TERRA DIARIO

PORTADA GALIZA DEPORTES SOCIEDADE CULTURA ECONOMÍA TECNOLOXÍA ESPAÑA MUNDO RSS

PORTADA | CULTURA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Álvarez Blázquez cumpre o seu soño na voz do seu fillo

E. P. Vigo acollerá tanto o acto central do Día das Letras Galegas como unha celebración previa en que o profesor Álvarez Cáccamo lerá o discurso que o seu pai non puido ler cando ingresou na Real Academia Galega.

22.01.2008 | 17:23



Presentación dos actos en Vigo. AGN

Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo do escritor e historiador Xosé María Álvarez Blázquez (homenaxeado este ano con motivo de o Días das Letras Galegas), lerá en Vigo o discurso de ingreso do seu pai na Real Academia Galega, "tal e como foi o seu desexo", nun acto conmemorativo que se celebrará o próximo 26 de xaneiro.

Explicou que o desexo do seu pai, cando ingresou na RAG en 1964, era ler o seu discurso no pazo Quiñones de León, de Vigo, algo que "non puido ser por motivos

políticos". Nese sentido, apuntou que, con este acto "cúmprese o seu soño".

O día 26 haberá unha recepción no Pazo Museo Quiñones de León, e posteriormente, ás 20.30 horas, os actos trasladaranse ao auditorio do antigo reitorado na rúa Areal (por motivos de espazo), no que Xosé María Álvarez Cáccamo lerá o discurso que tamén leu o seu pai en 1964, co título 'Cantares e romances Velloso proficados'.

Cando Álvarez Blázquez leu ese texto, nun acto, que se celebrou na cidade da Coruña, foi replicado por Fermín Bouza Brey, e no acto deste ano dará a resposta o fillo deste escritor, Fermín Bouza Álvarez, reproducindo, á súa vez, o discurso do seu pai.

Corrixir unha débeda

O secretario da Real Academia Galega, Manuel González, explicou que esta institución "ten unha

Últimas

16:25 O PP preq

15:15 Os escrito

15:08 Dúas sem

13:23 'Apuntába

08:47 Pode un E

Domingo, 27 de

Novas relacións

+ Abrir que

Tags

ÁLVAREZ BL

Compartir



En portada...



débeda coa cidade de Vigo", debido á importancia que a cidade tivo dende o punto de vista social e cultural, no conxunto de Galiza, e o acto do próximo 26 de xaneiro "é unha data importante" para corrixir esa débeda histórica".

Poemas neotrobadorescos

O acto central de celebración das [Letras Galegas](#) o próximo 17 de maio tamén terá lugar en Vigo, aínda que non se concretou o lugar. González recordou a Xosé María Álvarez Blázquez como unha "figura excepcional", ao que lle atribuíu "os mellores poemas neotrobadorescos de Galiza".

A maiores, subliñou que o autor homenaxeado este ano con motivo de o Días das Letras Galegas "era un magnífico historiador e arqueólogo", de feito, dirixiu as escavacións arqueolóxicas na cidade olívica. Ademais, tamén destacou o seu labor como fundador de varias editoriais.



PORTADA G/
CULTURA EC
MUNDO RS

© 2008 A Nosa Te
Príncipe 24 - 1º. 3º
Tel. 986 22 24 05.

info@anosaterra.c
diariodixital@anos



Vota

Publicidade:
Tel. 986 43 38 30
 Descargar Ta

publicidade@anos

Edita: *Promocións Culturais Galegas S.A.*
Presidente: *Miguel Barros Puente*
Conselleiro-delegado: *Afonso Eiré López*

Director: *Manuel Veiga Taboada*
Subdirector: *Xan Carballa Alonso*
Coordenador Dixital: *César Lorenzo Gil*